

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA OITO DE XUÑO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día oito de xuño de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o un de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 711/10 de dona Pilar Brey Santos

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en cambiar a tella, nunha superficie aproximada de 170 m², situada en Figueiredo, emprazada en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e catro euros con once céntimos (#94,11#)

2.2.- Instancia num. 745/10 de dona María de la Torre Acebedo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 60 mts de lonxitude e máis para a rehabilitación da vivenda, de aproximadamente 90 m2 en planta, consistente na substitución da tella existente, situada en Reboredo, emprazada en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: en canto ó cerramento a distancia mínima será de 5,00 mts de distancia dende o vial; garantírase o natural discurrir das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts


Polo que respecta as obras de rehabilitación da vivenda axustaranse as seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e sete euros con dezaseis céntimos (#87,16#)

2.3.- Instancia num. 732/10 de dona Socorro Devesa Fandiño

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no pintado de fachadas, substitución de 3 fiestras e outras actuacións, situada en Trobe, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación e non afectarán á estrutura da mesma; a cor a utilizar nas fachadas estará en harmonía co entorno e será en tonos suaves semellantes ás vivendas tradicionais existentes. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e tres euros con trinta e un céntimos (#63,31#)

2.4.- Instancia num. 701/10 de don José Gálvez García

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación de dona Carmen Rey González, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción de canalización de auga no lugar de Castro.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acordar conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: deberá axustarse ás condicións impostas pola empresa concesionaria do servizo de abastecemento de augas, Aquagest, S.L e non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.5.- Instancia num. 803/10 de dona Josefina de la Torre Junquera

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Torre (San Xián de Sales) solicita licenza para parcelación e agrupación, en 3 fincas resultantes, de fincas ubicadas no lugar de Matelo (San Xián de Sales), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N2) e Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R2), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por Fco. Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 2 de xuño de 2010..

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederelle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Matelo da parroquia de San Xián de Sales, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenden á cantidade de 180,00 euros.

3º.- Aprobación inicial Plan Especial de Ordenación do Núcleo Rural

Incoado expediente de aprobación dun Plan Especial de Ordenación do Núcleo Rural e visto o proxecto redactado para os efectos polo técnico Fernando Faya Martínez, en calidade de arquitecto, coa finalidade de reaxustar parcialmente a aliñación dun vial municipal no lugar de Cimadevila da parroquia de San Miguel de Sarandón.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Mellora do Núcleo de Cimadevila para reaxuste parcial de aliñacións nun vial municipal no mencionado lugar de Cimadevila (San Miguel de Sarandón).



2º.- Someter a aprobación inicial a un período de información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia.

Durante o período de información pública quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo, para os efectos de que se presente alegacións e suxestións que se consideren pertinentes.

3º.- Notificar persoalmente ós propietarios e demais afectados directamente polo Plan Especial.

4º.- Suspender o outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito territorial afectado polo Plan Especial, ata a súa aprobación definitiva.

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación num. 3 da obra de Reforma e ampliación do centro da terceira idade

Dáse conta da certificación num. 3 da obra de Reforma e ampliación do centro da terceira idade, financiada no cento por cento (100%) pola Deputación Provincial segundo convenio asinado, e máis da factura num. OCV.005 da empresa adjudicataria Promotora Matimán, S.L por importe de corenta e catro mil seiscientos setenta e tres euros con cincuenta e tres céntimos (#44.673,53#), sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

5º.-Acordo, se procede, sobre do Plan de accesos a explotacións vitivinícolas e gandeiras 2009 a través do SPI

Ante a notificación efectuada pola Consellería de Medio Rural, de realizar con cargo ós seus orzamentos as obras de infraestructuras rurais (Plan de accesos a explotacións vitivinícolas e gandeiras 2009 a través do SPI) consistentes en *Camión en Neira de Arriba, Pista en Calzande e Quintáns -Acceso Calzande*, a Xunta de Goberno acorda:

Manifestar a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a :


-A posta a disposición , libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras

-A renuncia expresa a reter da achega desa Corpoaración calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia

-Asumir -unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma - a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

-Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto

-Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que se cumpra o prazo es-



tablecido no artigo 72 p1 do Regulamento 8C.E) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:

a) Que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución

b) Que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade productiva

-A asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que de produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello

-O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Corrección acordo sobre solicitude de subvención para o cofinanciamento de servizos sociais polas corporacións locais

Detectados erros materiais no acordo sobre solicitude de subvención para o cofinanciamento de servizos sociais polas corporacións locais adoptado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de marzo do ano que andamos, onde di "O concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega (incluída a procedente doutras administracións), da seguinte maneira:..... Intervencións con colectivos específicos 9646,60 euros", debe dicir "O concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega (incluída a procedente doutras administracións), da seguinte maneira:..... Intervencións con colectivos específicos 9646,40 euros" e polo tanto onde di "GASTO TOTAL POR TODOS OS CONCEPTOS:272.239,50 euros", debe dicir "GASTO TOTAL POR TODOS OS CONCEPTOS:272.239,32 euros",

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e dez minutos

